

NESTE CURSO ESCOLAR 2018-2019 AS NENAS E NENOS DE 4 ANOS COÑECIMOS A ARTISTA XAPONESA YAYOI KUSAMA. TODO COMEZOU CON PUNTOS ... CONSULTAMOS BIBLIOGRAFÍA DE LIBROS SOBRE PUNTOS: "600 PUNTOS NEGROS", "UN PUNTO ROJO", "EL 2 AZUL" ... ESTO LEVOUNOS A INVESTIGAR ARTISTAS QUE TEÑEN OBRAS RELACIONADAS CON PUNTOS, DE TAL XEITO, QUE DESCUBRIMOS A ARTISTA YAYOI KUSAMA E O SEU LIBRO "DE AQUÍ AL INFINITO". CON ESTA ARTISTA, NON SÓ TRABALLAMOS A ARTE COMO ÁREA RECOLLIDA NA NOSA PROGRAMACIÓN, SENÓN TAMÉN, CONSEGUIMOS OUTROS OBTETIVOS PROPIOS DO CURRÍCULUM DE EDUCACIÓN INFANTIL:



O TRABALLO EN EQUIPO, A ACEPTACIÓN DAS PROPIAS LIMITACIÓNS E CAPACIDADES, O RESPETO POLO TRABALLO ALLEO, A FACER UN TRABALLO COPERATIVO CON TODO O ALUMNADO DO NIVEL, EXPERIMENTAMOS CON DISTINTOS MATERIAIS E TÉCNICAS ARTÍSTICAS E PLÁSTICAS, FOMENTAMOS A EXPRESIÓN PLÁSTICA E VISUAL E ADQUIRIMOS MOITOS CONCEPTOS: FORMAS, CORES, TAMAÑOS ... ACHEGÁMONOS TAMÉN A CULTURA XAPONESA: MOEDA, IDIOMA, BANDEIRA, VESTIMENTA ...




COÑECIMOS DISTINTAS OBRAS E TRABALLOS FEITOS POLA ARTISTA, QUE FORON CAPACES DE CONQUISTAR AO NOSO ALUMNADO IMPLICÁNDOSE CEN POR CEN ,FACENDO AS SÚAS PROPIAS OBRAS, MOITAS DELAS, INSPIRADAS NO TRABALLO DE YAYOI. NESTE PROXECTO FIXEMOS PARTICIPES ÁS FAMILIAS ,DENDE NADAL, CO ENVÍO POR CORREO DUNHA POSTAL NAVIDEÑA PERSONALIZADA E INSPIRADA NUN AUTORRETRATO DE KUSAMA.



TAMÉN PARTICIPARON NA VISITA Á EXPOSICIÓN DA RECREACIÓN DA "HABITACIÓN YAYOI". DITA EXPOSICIÓN INAGURÁMOLA O MÉRCORES 22 DE MAIO NA AULA NOVA DE INFORMÁTICA DO NOSO COLE E DIMOS A NOVA NA RADIO NEGREIRA PARA DAR A COÑECER A EXPOSICIÓN Á TODA A COMUNIDADE ESCOLAR.



A DÍA DE HOXE, AS FAMILIAS DO NOSO ALUMNADO XA TIVERON A OPORTUNIDADE DE COÑECER A RECREACIÓN ARTÍSTICA DA "HABITACIÓN YAYOI", ASÍ COMO, TAMÉN TODO O ALUMNADO E PROFESORADO DO CENTRO QUE ESTÁN CONVIDADOS E XA ESTÁN VISITANDO DITA EXPOSICIÓN. AS NENAS E NENOS DE 4 ANOS SON OS PROTAGONISTAS DESTA EXPOSICIÓN NA QUE SE PODE VER AS SÚAS OBRAS CON DISTINTOS MATERIAIS DE RECICLAXE E REFUGALLO. CONTARON COA AXUDA DAS SÚAS MESTRAS PARA FACER A MONTAXE DA MESMA.



ESTA EXPOSICIÓN CONSEGUIU TER REPERCUSIÓN NA PRENSA CUN ARTÍCULO EN "LA VOZ DE GALICIA"

NON SABEMOS ATA ONDE CHEGARÁ A REPERCUSIÓN DESTE TRABALLO DAS NENAS E NENOS DE 4 ANOS PORQUE ...

"NUESTRA TIERRA ES SÓLO UN PUNTO DE LUNARES ENTRE UN MILLÓN DE ESTRELLAS EN EL COSMOS"
(YAYOI KUSAMA)